



Confederación Intersindical Galega
ENSINO

INFORMA

www.cig-ensino.com

Setembro 2014

O Ministerio prosigue no proceso de desmantelamento das universidades públicas

Prevé o mantemento dunha taxa de reposición do 10% e quere prolongar a precariedade contractual

A CIG asistiu á Mesa Sectorial de Universidades convocada polo Ministerio de Educación para debater o proxecto de reforma do sistema de acreditación e a regulación de concursos de traslados nas universidades. A CIG valora moi negativamente todas as reformas en marcha. O Ministerio non aborda os principais problemas que sofre o profesorado universitario derivados dunha política continuada de restricción orzamentaria e recortes. A taxa de reposición, nomeadamente,

estrangula a renovación do cadro de persoal e impide a promoción profesional. A contratación precaria e os sucesivos recortes salariais colocan a unha masa crecente de profesorado en condicións laborais inasumibéis.

O Ministerio indicou que non vai negociar os cambios e limita o funcionamento da Mesa sectorial a un intercambio de suxerencias violando as obrigas de negociación que existen neste ámbito.

Taxa de reposición e precariedade laboral

O Ministerio informou que o ministerio de Facenda vai presentar un proxecto de lei de orzamentos do estado mantendo a taxa de reposición do 10%. A CIG vén denunciando os efectos que isto está tendo nas universidades cunha redución do persoal galopante e unha falta de renovación preocupante. O propio Ministerio indica que nos próximos tres anos poden rematar contratos entre 5000 e 6000 axudantes ou axudantes doutores sen posibilidade de estabilización. A solución que está estudando é

prolongar a precariedade prorrogando algún ano eses contratos aínda que tampouco ten o acordo do ministerio de Facenda para ese parche.

A CIG quere lembrar que a Xunta de Galicia este ano autorizou as prazas de Axudante Doutor cunha duración dun só ano polo que mesmo a duración legal do contrato, ata cinco anos, será obxecto de prórrogas (1+1+1+1+1) aumentando a inestabilidade e podendo non chegar ao máximo permitido.

Acreditación: endurecemento das condicións e falta de solución para as decisións arbitrarias e opacas

O proxecto de Real Decreto de Acreditación permite o control político sobre os nomeamentos das comisións de acreditación, minusvalora a función docente, suporá novas cargas burocráticas para o profesorado e non soluciona os problemas de falta de transparencia e discrecionalidade.

A CIG presentou un conxunto de enmendas ao borrador do decreto. Esixiu a designación por sorteo de todos os membros das comisións e a limitación e acortamento dos mandatos previstos (ata catro anos) para favorecer unha rotación que non provoque unha acumulación de poder en poucas mans tendo en conta que desaparecen os avaliadores e todo o proceso decisorio o toma a comisión de acreditación.

A CIG non concorda con que se poida conseguir a acreditación cunha avaliación desfavorable da actividade docente, do mesmo xeito que non se pode conseguir cunha avaliación investigadora desfavorable. Tampouco con que se poida conseguir a acreditación para Cátedras sen experiencia docente de ningún tipo ou que poidan formar parte das comisións de acreditación persoas sen experiencia docente. A actividade investigadora e docente deben ser valoradas e se alimentan mutuamente no PDI.

A CIG é crítica con que o Real Decreto non inclua no anexo elementos de obxectivización dos criterios de avaliación.

Concurso de traslados: unha vía para que o ministerio solucione a quebra do CSIC

Por primeira vez quere abrirse o camiño para que as universidades poidan sacar a concurso de traslados sen que computen para a taxa de reposición de efectivos. Non obstante, o Ministerio introduce un dardo envelenado no proxecto de lei. As persoas con praza no CSIC poderán concursar sen ser parte dos corpos docentes universitarios simplemente por ter a acreditación para o corpo. Non se contempla que os acreditados dos corpos docentes universitarios poidan participar. Así por exemplo, un

profesor de investigación acreditado para o corpo de Catedráticos de universidade podería participar no concurso pero un profesor titular de universidade coa mesma acreditación non podería. A CIG oponse frontalmente a esta falta de reciprocidade xa que a acreditación é un requisito de acceso que debe ter os mesmos efectos para todas as persoas que o teñan: ou ben todos os acreditados deben poder participar nos concursos de traslados ou sería unha regulación contraria ao principio de igualdade.

Os nosos locais

Santiago (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.
Santiago de Compostela. cp.15706.
Tlf. 981576800 Fax. 981575839
santiago@cig-ensino.com

A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n
Tlf. 981169810 Fax. 981291735
15007. A Coruña
acorunha@cig-ensino.com

Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo
36780. A Guarda
Tlf. 986609360 Fax. 986610465
baixominho@cig-ensino.com

Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1
36947. Cangas
Tlf. 986302987 Fax. 986302987
morrazo@cig-ensino.com

Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,
15403. Ferrol
Tlf. 981358750 Fax. 981358760
ferrol@cig-ensino.com

Lugo

Rda da Muralla 58, bxo.
27003. Lugo
Tlf. 982245023 Fax. 982253891
e-mail: lugo@cig-ensino.com

Ourense

P. de San Lázaro 12, 4º
32003. Ourense
Tlf. 988238350 Fax. 988222855
ourense@cig-ensino.com

Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.
36002. Pontevedra
Tlf. 986861513 Fax. 986855050
pontevedra@cig-ensino.com

A Mariña

27700. Ribadeo
Avda de Galicia 20, 1º
Tlf. 982129593 Fax. 982129593
amarinha@cig-ensino.com

Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º
32600. Verín
Tlf. 988412345 Fax. 988411013
verin@cig-ensino.com

Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.
36205. Vigo
Tlf. 986827935 Fax. 986262844
vigo@cig-ensino.com

Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º
36600. Vilagarcía
Tlf. 986505323 Fax. 986505323
salnes@cig-ensino.com